

## Resultados do latín g i n g i v a no territorio galego

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Universidade de Santiago

Desde os primeiros traballos de xeografía lingüística quedou patente que as linguas son órganos que están en continua fervenza, e que unha análise polo miúdo de calquera un dos seus aspectos móstranos frecuentemente a pervivencia de restos de estadios arcaicos máis ou menos relegados en zonas xeográficas marxinais ou ben en determinados estratos sociais. Ó mesmo tempo, nun estado de lingua descóbreanse certas tendencias innovadoras que, como tales, non foron aínda asumidas na “norma”, pero que nos permiten, por unha parte, descubri-los puntos fracos do sistema nos que os cambios se poden efectuar con maior facilidade, e, por outra, enxerga-las distintas direccións nas que se pode producir unha evolución.

Os resultados actuais do lat. g i n g i v a no territorio de fala galega poden ser clasificados en distintos grupos, segundo estean afectados por uns ou outros cambios evolutivos que se dan dentro da lingua, e segundo os distintos estadios cronolóxicos que cada forma represente na historia da constitución do diasistema galego (véx. mapa nº 1)<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> O corpus utilizado neste traballo procede fundamentalmente de catro tipos de fontes:


a) Os datos das enquisas para o *Atlas Lingüístico Galego*, de onde se toma a maioría das formas estudiasdas.

b) O Tesouro Lexicográfico do Instituto da Lingua Galega.

c) Teses de doutoramento, memorias de licenciatura e outros tipos de traballos lexicográficos realizados sobre diversas zonas do territorio galego. Cando un dato ten este tipo de procedencia aparece suliñada a abreviatura da localidade correspondente.

d) Os dicionarios galegos.

Mapa nº 1.— Resultados do lat. ginja a no galego.



1.

1.1.

O resultado regular que se esperaría hoxe no galego, seguindo as leis fonéticas que afectaron ás palabras patrimoniais nesta zona da Romanía, sería *xenxiva* [ʃɛŋʃíβa], forma que efectivamente aparece rexistrada (con distintas grafías en Valladares, Carré, E. Rodríguez e P. Crespo (p. 545, quen a localiza na provincia da Coruña).

1.2.

A variante con harmonización vocálica [ʃiŋʃíβaʃ] está documentada na actualidade na Lama, Forcarei, Guntín e na zona compostelá (*L. Comp.*, s.v.), e xa aparece rexistrada en F.J. Rodríguez, Cuveiro, Valladares, Carré e E. Rodríguez.

1.3.

Máis problemática é a forma [aʃɛŋʃíβaʃ], coa amalgama do artigo, que nos ofrecen en datos do *ALGA* en San Cosme de Barreiros, onde se pode pensar nunha dobre interpretación para a explicación do primeiro /ʃ/:

a) Cabe a posibilidade de que este [ʃ] sexa a realización palatalizada do /s/ final do artigo: [aʃ ɛŋʃíβaʃ].

b) Pode se-lo resultado dun proceso de asimilación do -s final do artigo ó ʃ inicial dunha forma [ʃɛŋʃíβaʃ]: [aʃ ʃɛŋʃíβaʃ] > [aʃʃɛŋʃíβaʃ] > [aʃɛŋʃíβaʃ].

En principio, metodoloxicamente, debemos ter en conta as dúas hipóteses, pois ningún dos dous fenómenos fonéticos é totalmente alleo ó galego: hai casos de realización prepalatal do -s, e é case xeral e mesmo natural a asimilación en contacto do sonido fricativo apicoalveolar xordo ó fricativo prepalatal xordo, debido á contigüidade do punto ou zona de articulación de ámbalas dúas realización; é dicir, é normal no galego a asimilación [ʃʃ] > [ʃʃ] (véx., por ex., *dúas xoubas* [dúaʃ ʃóβaʃ], *as xentes* [aʃ ʃɛŋtɛs]).

Pero todo cambio fonético está limitado a unha área xeográfica determinada, sexa esta máis ou menos ampla, sexa continua ou discontinua; e este factor cómpre telo sempre moi en conta á hora de explicar

ou tratar de entender calquera proceso evolutivo. Cando aplicámo-lo criterio da restricción xeográfica na que se produce un determinado cambio, inmediatamente temos que desbota-la primeira hipótese, porque a localidade de San Cosme de Barreiros está encadrada nunha área onde non se dá a palatalización do -s final. Mentres que a realización [ʃ] do /s/ final é un fenómeno fonético restrinxido a unhas zonas moi concretas do Oeste e Suroeste de Galicia<sup>2</sup>, pola contra a asimilación  $s\check{s} > \check{s}s$  é coñecida en todo o territorio galego alí onde existe o sonido [ʃ] en posición silábica prenuclear (isto é, todo, a non ser nas zonas onde se produce a despalatalización de /s/). Debido, pois, a que esta realización aparece en zona de non palatalización de -s, parece lóxico pensar que as unidades subxacentes son /as/ e /ʃeNʃíbas/, e que se produciu simplemente unha asimilación do -s final do artigo ó s- inicial de *xenxivas* [ʃeNʃíbaʃ].

2.

Outro reducido grupo de formas constitúeno as que presentan s- inicial en vez de ʃ- (véx. mapa nº 2):


2.1. [ʃeNʃíbaʃ] : en Baltar.


2.2. [siNʃíbaʃ] : en Cabo de Cruz.

Os puntos onde aparecen estas formas están fóra da área en que se produce a despalatalización de ʃ, polo que hai que pensar para explica-lo s inicial nunha disimilación entre as dúas consoantes ʃ que aparecen en *xenxivas*, disimilación pola que a consoante inicial perde o seu carácter palatal e pasa a pronunciarse como alveolar. A esta solución debeu contribuír tamén en grande medida a contigüidade do -s final do artigo. O proceso debeu se-lo seguinte:

<sup>2</sup> Véx. Fernández Rei (1982).

Mapa nº 2.— Formas con conservación da consoante inicial.





E aínda cabe ter en conta outra vía de explicación. Podería ter ocorrido que as formas *senxivas*, *sinxivas* se constituíran a partir de *enxivas* e *inxivas*, respectivamente (véx. infra, par. 3), mediante a aglutinación do -s final do artigo: [aš enxíbaš] > [aşenxíbaš] ⇒ [a senxíba], do mesmo xeito que a partir de [dúas úbaš] se chega a *unha suba*.


### 3.

As formas máis comúns e máis estendidas xeograficamente son as do tipo *enxiva*, que presenta a desaparición do fonema inicial continuador do lat. G-. Dentro deste grupo aparecen distintas variantes que pasamos a analizar (véx. mapas nº 3 e 4):


#### 3.1. [enxíbaš]:

Rexistrada na maior parte do territorio galego. Na provincia da Coruña aparece en: Chímparra, San Ramón de Moeche, Pontedeume, Me-soiro, Barizo, Xermaña, Ponteceso, Sísamo, Carral, Aranga, Rodís, Xanceda, Mezonzo, Bembibre, Deixebre, Lamea, A Picota, Santiago de Compostela, Pezobrés, San Salvador de Duio, Novefontes, Cacheiras, Ribadulla, Vigo-Dodro, Rianxo, *Mel.* (s.v.), *Sobr.* (p. 90), *Feás* (s.v.), *Caav.* (p. 101), *Nov.* (p. 56), *L. Comp.* (s.v.), *Toba* (p. 46). Na provincia de Lugo, en: Oourol, San Cosme de Barreiros, Muras, Lindín, Candamil, Feira do Monte, O Trobo, Guitiriz, Negueira de Muñiz, Friol, O Cádavo, Rao, Guntín, Baralla, San Cibrao, Lama, Ferrería do Incio, Outeiro do Courel, *V. Suar.* (p. 30), *Gonce* (p. 99), *Pedr.* (p. 44), *Inc.* (p. 138). Na provincia de Ourense, en: Cea, Brués, Abelenda, San Amaro, Pereiro de Aguiar, Robledo de Domiz, Vilariñofrío, Lamalonga, Allariz, Xinzo de

Mapa nº 3.— Formas con perda da consoante inicial.



Mapa n° 4.— Formas con despaltalización de /š/ no grupo /nš/.



- ◇
- ◇
- ◆
- 
- 

ęnsiĐas  
 ęnsiĐas  
 ęnsiĐas  
 ęnsiĐjas  
 ęnsiĐjas

Limia, A Gudiña, Campobeceros, Martiñán, A Mezquita, Cualedro, Vilardebós, Bubaces, *V. Ver.* (p. 548), *Mont.* (p. 46), *C. Cald.* (p. 34), *Gud.* (p. 40), *Mezq.* (p. 30), *Vilard.* (p. 20). Na provincia de Pontevedra, en: Vila de Cruces, A Golada, Baloira, Calobre, Dimo, Santiso, Rodeiro, Forcarei, Castrodozón, Fefiñáns, Estonllo, A Chan, Nantes, Lourido, A Graña, A Fraga, Lougares, A Caniza, Moledo, Torneiros, Oleiros, Oia, Vilachán, Salcidos, *Goián* (p. 31). En Asturias, en: Pesoz e San Antolín de Ibias. En León, en: Candín, Paradaseca do Bierzo, Calafresnas, Pombriego, *Anc.* (p. 279). En Zamora, en: Porto e Lubián. Encóntrase, ademais, nos dicionarios de Valladares, Carré, E. Rodríguez e Franco Grande.

A forma *enxivas* presenta a perda da consoante inicial, fenómeno para o que se poden propor explicacións de diverso tipo:

a) Poderíase pensar que a perda do /ʎ/ inicial é debido simplemente á disimilación coa consoante palatal interior de palabra: ʎ--ʎ-- → Ø--ʎ--.

b) Cabe pensar en razóns de fonética sintáctica, seguindo a explicación de Jules Cornu<sup>3</sup> para a perda da consoante inicial en *g e r m a n u* > port. *irmão*, gal. *irmán*, ó aparece-lo G- frecuentemente en posición intervocálica cando ía precedido este término do posesivo; explicación que parece aceptar Williams<sup>4</sup> para o portugués.

c) Alarcos Llorach<sup>5</sup>, tendo en conta evolucións como as de *p e i o r e* > port. *pior*, *m a i u* > port. *maio*, *m e d i u* > port. *meio*, *f a s t i d i u* > port. *fastio*, *n a v i g i u* > port. *navio*, onde -J-, -DJ- e -GJ- non deron o resultado esperado -ʎ-, e poñéndoas en relación con formas como *irmão*, *Elvira*, *iguaria*, onde tamén se esperaríase un ʎ- inicial como resultado do G- e J- dos seus étimos correspondentes: lat. *g e r m a n u*, xerm. *g i l - u i r a* ou *g e l - u i r a* e lat. *i e q u a r i a*, supón que no portugués e no leonés loitarían dúas tendencias: unha de tipo central que triunfou no castelán e no sur de Italia, que mantiña e mesmo debilitaba [y], e outra, de tipo norteño, que triunfou no cat. e no norte de Italia e Francia, que tendía ó reforzo en [ʎ]. Para Alarcos sería a loita entre estas dúas tendencias a que explicaría as aparentes excepcións do portugués, adoptando

<sup>3</sup> Cornu (1904-1906: 2), I, p. 991.

<sup>4</sup> Williams (1975: 3), par. 62, 4, B.

<sup>5</sup> Alarcos Llorach (1954).

unha postura ante o problema moi próxima á de Y. Malkiel<sup>6</sup> e R. Lapesa<sup>7</sup>, que sosteñen a existencia dunha tendencia vulgar a suprimir G- en case toda España, pero que unicamente chegou a triunfar en Castela sobre a tendencia conservadora.

d) Outra explicación da desaparición do G- inicial, baseada en razóns de fonética sintáctica é a dada por Constantino García:

“Para explicármola forma patrimonial galega temos que pensar que as palabras non aparecen soas cando falamos, senón que se encadean unhas coas outras. Podemos supoñer que, hai moitos séculos, a nosa palabra, que se pronunciaba case sempre en plural, era *as xenxivas*; pero se nós probamos a dicilo, comprobaremos que non é doado articular esas dúas consoantes seguidas sen facelas iguais. En galego tivo máis forza o S e, despois de pronunciar *as senxivas*, é fácil entender que os falantes sentisen eses dous “eses” como un só, correspondente ó artigo. A partir desta pronuncia da palabra en plural formouse un singular analóxico *enxiva*, que ten que ser explicado desde a forma do plural”<sup>8</sup>.

Vese, pois, que había unha serie de factores que todos eles orientaban en maior ou menor medida a dirección do cambio cara á transformación ou perda do G- inicial: disimilación de consoantes palatais iguais, vacilación na evolución espontánea do G- cara a unha variante forte e unha feble, a acción da fonética sintáctica que permitiría a aparición do G- inicial en posición intervocálica ó ir precedido doutra palabra rematada en vocal, e a utilización da palabra normalmente en plural que faría difícil a delimitación do -s final do artigo da consoante inicial de *xenxivas* ou *senxivas*. Pero cómpre ter presente que os cambios lingüísticos ocorren historicamente e nun territorio determinado, é dicir, delimitados polos factores de tempo e lugar. De aí que, á hora de estudar calquera cambio lingüístico, aínda que metodoloxicamente sexa conveniente analizar tódolos factores que teoricamente poidan dar conta da produción do mesmo, hai que delimitar cales foron as condicións reais que actuaron historicamente daquelas outras que puideran tamén produci-la mesma evolución, pero que de feito non tiveron incidencia nela.

A forma medieval é *gengiva* [ženžíba], aínda que non está moi profusamente documentada. Da forma con perda da consoante inicial non temos nesa época ningún dato; polo tanto, aínda que o feito de non aparecer documentada non conleve necesariamente a súa inexistencia, parece

<sup>6</sup> Malkiel (1944).

<sup>7</sup> Lapesa (1948), pp. 31-33.

<sup>8</sup> C. García (1983), pp. 118-119.

lórico pensar que a evolución xeral no galego foi a primeira. Se isto é así, a perda da consoante inicial non sería un resto da tendencia minoritaria a debilita-lo *G'* inicial, que se perdería despois dunha etapa [y]. Igualmente, a cronoloxía lévanos a desbotar no noso caso a explicación presentada por Cornu para o resultado de *g e r m a n u*, pois non atopamos na Idade Media ningunha forma tipo *enxiva*, paralela a *irmão* (e isto, independentemente de que a explicación de Cornu para *irmão* sexa válida ou non).

Hai que ter en conta que a forma *xenxiva* está nunha situación que poderíamos chamar “óptima” para sufrir os efectos da disimilación consonántica:

1) en primeiro lugar, por ser unha palabra que presenta a repetición dun mesmo fonema consonántico, caso no que a disimilación se produce con maior facilidade<sup>9</sup>; e

2) porque na mesma palabra aparecen dúas vocais palatais en contacto coa consoante “fricativa, prepalatal, xorda”, polo que nos atopamos coa presenza de catro sonidos palatais no mesmo vocábulo.

Para lograr unha diferenciación entre dúas consoantes palatais idénticas, e para evita-la acumulación de sonidos palatais dentro dunha mesma palabra, cabe esperar unha disimilación consonántica que actúe sobre o punto de articulación, é dicir, o remprazamento por outra consoante, que forme parte do sistema fonolóxico da lingua, que se pareza á consoante primitiva en tódolos seus rasgos articulatorios, menos no punto de articulación. O fonema consonántico que parece reunir mellor estas condicións é o /s/, que comparte co /ʃ/ os rasgos de fricción e falta de sonoridade, e que se diferencia deste polo seu carácter apicoalveolar ou predorsodental, segundo a zona dialectal, fronte ó carácter palatal do /ʃ/. Non é nada extraña, pois, a aparición dunha forma innovadora *senxiva(s)* (véx. supra), a partir da *cal*, por un proceso semellante ó descrito por Constantino García se chegou á forma máis común no galego actual *enxivás*. Esta parece a interpretación máis lórica por varias razóns:

<sup>9</sup> Véx., por ex., R. Posner (1961), p. 60: “(...) a consonant seems to be more subject to the dissimilatory influence of the “same” consonant, than to that of another consonant that shares only some of its articulatory features. That is to say, the speaker seems to be less willing to pronounce the same consonant twice in one word, than to pronounce two different consonants with the same point of articulation”. Para unha visión xeral da disimilación consonántica, amais da obra citada de R. Posner, pódense ve-los traballos de M. Grammont (1895) e (1936).

a) En primeiro lugar, por non ter ningunha documentación dunha hipotética forma medieval \**engiva*, o que nos inclina a pensar que a forma xeral era *gengiva*.

b) Hoxe aínda se conservan en distintos puntos do territorio galego as formas *xenxiva* e *xinxiva*, que non están restrinxidas a ningunha área compacta, senón que aparecen en puntos inconexos, polo que debemos deducir que son restos que aínda emerxen hoxe como indicios dunha situación anterior en que estas formas debían ocupa-la maior parte do territorio.

c) A conservación nalgúns puntos das variantes *senxivas*, *sinxivas*, que presentan disimilación da primeira consoante, paso probable (aínda que non imprescindible) entre *xenxivas* e *enxivas*.

d) Esta voz utilízase case exclusivamente no plural, e ademais adoita ir case sempre precedida dun determinante. Dado que a marca de plural no galego é -s, prodúcese normalmente o encontro en contacto do -s do determinante co s- ou x- inicial do término que estudiamos, dando lugar a secuencias do tipo *as senxivas* ou *as xenxivas*, que foneticamente resultarían [aʃɛŋʃíbaʃ] ou [aʃɛŋʃíbaʃ], e a partir destas pronunciacións do grupo extraeríase, por unha falsa segmentación dos elementos da secuencia, un artigo *as* e un sustantivo *enxivas*. Estas segmentacións erradas dos grupos *artigo + sustantivo* non son descoñecidas no galego, e casos paralelos a este pódense atopar sen necesidade de moita indagación na fala viva actual (cfr., por exemplo, *unha moto* de onde se extrae unha segmentación *un amoto*, *unha radio* de onde *un arradio*, ou *as sandalias* de onde *as andalias*, exemplo este último onde se reproducen as mesmas condicións do caso que nos ocupa). Esta forma innovadora aparecida no plural *enxivas* estenderíase analoxicamente ó singular *enxiva*, que como xa queda dito tiña unha frecuencia de uso moito menor cá forma do plural; e, polo que se desprende da extensión que ocupa na actualidade, tivo unha pronta aceptación na fala de bo número de falantes galegos e unha rápida difusión pola case totalidade do territorio.

A pouco que observémo-los actos de fala, descubriremos que en calquera deles a lingua está sometida a unha serie de alteracións, unhas ocasionais, outras características dun falante determinado e outras xa estendidas a un grupo máis ou menos amplo de falantes. Na expresión cotiá prodúcese, pois, con moita frecuencia alteracións que non son necesariamente motivo de cambio lingüístico; é máis, poderíamos dicir que só moi poucas destas innovacións se van converter en verdadeiros cam-

bios. Cómpre manter sempre moi clara a distinción entre *innovación*<sup>10</sup> e *adopción* ou aceptación dunha innovación por parte do oínte, como modelo para posteriores expresións. Pois ben, o cambio lingüístico non é propiamente unha innovación, senón a difusión ou xeneralización dunha innovación, é dicir, unha serie de adopcións sucesivas. A difusión das innovacións é nuns casos máis rápida e noutros máis lenta, unhas veces abrangue unha área maior e outras queda reducida a un ámbito moito menor. O estudio do proceso de difusión dunha innovación, cando hai datos que permitan tal estudio, adoita botar luz sobre a explicación de determinados fenómenos no plano da sincronía.

Temos que nos preguntar, pois, por que razóns esta innovación coa deglutinación da consoante inicial tivo unha acollida tan favorable e unha difusión tan rápida pola maior parte do territorio galego. Ó éxito desta innovación debeu contribuír, por unha parte, o feito de que esta forma non presentaba os inconvenientes da repetición de dúas consoantes palatais idénticas; e, por outra, —e isto ten moita máis importancia da que xeralmente se lle dá—, que a forma *enxivas* se incorpora a un grupo constituído por un número elevado de palabras galegas que empezan pola secuencia *enx-*, fronte á case inexistencia de palabras que empecen por *senx-* e por *xenx-*<sup>11</sup>.

### 3.2. [ĩŋʃíβaš]

Rexistrada na provincia da Coruña, en: Cesuras, Santaia, Buxán, Abelleira, *Cab.* (p. 62), *L. Comp.* (s.v.), *Razo* (p. 20). Na provincia de Pontevedra, en: Guillade, *Oir.* (p. 86) e *Salvat.* (p. 18, 23). En León, en *Anc.* (p. 102). Encóntrase documentada no diccionario de Franco Grande.

Trátase dunha variante de *enxiva*, con asimilación da vocal da sílaba inicial á da sílaba tónica, fenómeno paralelo ó que ocorría con *xinxiva* (véx. supra).

### 3.3. [ẽŋʒíβaš]

Rexistrada en Entrimo (Ourense).

Esta variante presenta a peculiaridade do resultado lat. -NG- > gal. -nʒ-, onde aínda se atopa o estadio sonoro [ʒ] do segundo elemento do grupo consonántico. A conservación das sibilantes sonoras dentro do

<sup>10</sup> Entendemos por *innovación* todo aquilo en que o emitido polo falante —en canto *modo lingüístico*— se afasta dos modelos existentes na lingua pola que se establece o coloquio. Para estes problemas, véx. Coseriu (1978).

<sup>11</sup> Este feito evidente pódese confirmar consultando calquera diccionario galego.

galego, e a oposición destes fonemas ós xordos correspondentes, unicamente se conserva nalgúns puntos moi marxinais do extremo sur de Galicia<sup>12</sup>, e cada día con menos vitalidade, polo que, aínda nestes puntos, a oposición xorda/sonora dentro das sibilantes é coñecida progresivamente por menos falantes. A desonorización das sibilantes sonoras no territorio galego é un fenómeno dunha antigüidade considerable, do que temos testemuños xa desde o séc. XIII<sup>13</sup>, polo que a conservación do [ʒ] do grupo [nʒ] debe ser considerada como un arcaísmo vivo aínda nunha zona marxinal.

Para este fenómeno da desonorización téñense dado explicacións de distinta índole: unhas de evolución interna, outras de influxo de sustrato e outras de influxo de adstrato. Amado Alonso, ó estudar este mesmo fenómeno no español, considera que é debido ó incremento do sopro para mante-lo “rehilamento”, que se vía rebaixado polo abrandamento xeral da fala producido no séc. XVI; isto produciría unha crecente abertura supletoria que conlevaba a supresión das vibracións larínxeas. Pero o mesmo A. Alonso admite que esta evolución fonética debeuse ver favorecida pola dificultade que tiñan os falantes para articula-las sibilantes sonoras, debido, sen dúbida, ó influxo dalgún sustrato antigo. Unha postura máis decididamente aberta ó influxo do sustrato é a mantida por Dámaso Alonso, quen tendo en conta a temperá desonorización producida no Norte da Península, considera que este fenómeno debeu obedecer a unha causa profunda: un sustrato común para o castelán e o galego<sup>14</sup>. Para Martinet, que se limita só ó caso do castelán, a desonorización das sibilantes sonoras sería o resultado da evidente influencia prolongada da fonoloxía do vasco sobre a do español, xa que os dialectos vascos caracterízanse na súa maior parte pola preferencia polas articulacións xordas<sup>15</sup>.

A pronunciación máis normal desta secuencia debería ser [aʒ̣ ʒ̣eɲʒ̣íɓaʃ], con asimilación do -s do artigo á sonoridade e mesmo ó punto de articulación da consoante seguinte, e posterior fusión das dúas consoantes nun único sonido, polo que se chegaría a unha realización [aʒ̣eɲʒ̣íɓaʃ], a partir de onde se pode produci-la mesma segmentación incorrecta que vimos anteriormente con [aʒ̣eɲʒ̣íɓaʃ] ou [aʒ̣eɲʒ̣íɓaʃ].


<sup>12</sup> A fricativa prepalatal sonora consérvase en palabras como *xemer*, *xear*, *xenro*, *xunco*, etc. en Hermisende (administrativamente dentro da provincia de Zamora), e en Padrenda, Entrimo e Lobios (os tres pertencentes á provincia de Ourense).

<sup>13</sup> Véx. D. Alonso (1962).

<sup>14</sup> Véx. D. Alonso (1962), pp. 126 e ss.

<sup>15</sup> Véx. A. Martinet (1951-52); e (1970), pp. 317 e ss.

Outra posible vía para chegar a esta forma sería a través dunha disimilación de sonoridade entre as dúas consoantes palatais sonoras, disimilación da primeira consoante que podería ser favorecida ademais pola contigüidade do sonido apicoalveolar xordo da consoante do artigo:



pero hai un factor que fai moi improbable esta explicación: é o feito de que na zona onde aparece esta forma a realización máis frecuente da secuencia *as enxivas* é  $[\text{a}^{\text{s}} \text{ɛ} \text{ŋ} \text{ʒ} \text{í} \text{b} \text{a}^{\text{s}}]$ , con realización sonora do *s* do artigo, que parece a continuación natural da asimilación do *s* final do artigo á sonoridade do primitivo fonema /ʒ/ inicial de /zɛNʒíbas/.

Certamente, a deglutinación da consoante palatal inicial precedida da forma do artigo parece máis doada se a súa realización é  $[\text{ʃ}]$  ca se a súa realización é palatal, porque a primeira pódese identificar máis facilmente coa do *-s* final do artigo; pero este fenómeno tamén se pode producir cando a realización da consoante inicial é palatal, e non só cando esta é xorda, senón mesmo cando é sonora.

### 3.4. $[\text{ã} \text{ŋ} \text{ʒ} \text{í} \text{b} \text{a}^{\text{s}}]$

Rexistrada en San Salvador de Duio (Coruña), Calvos de Randín (Ourense) e Vilanova de Oscos (Asturias).

A súa documentación en lugares tan distantes e dunha maneira illada fainos pensar que se trata de pronunciacións esporádicas con asimilación do *e-* inicial do sustantivo ó *a* precedente do artigo, en contextos como *a enxiva* ou *as enxivas*, nos que o *e-* átono inicial se contaxiou da abertura da vocal do artigo, converténdose nun  $[\text{ã}]$  palatal.

### 3.5. $[\text{ɛ} \text{ŋ} \text{ʃ} \text{í} \text{b} \text{ja}^{\text{s}}]$

Rexistrada en Sobrado dos Monxes (Coruña).

Variante da forma anterior cun iode epentético diante da vocal nuclear da sílaba final. A aparición deste elemento semiconsonántico é un rasgo moi estendido no galego oriental, pero que non é descoñecido tampouco no resto do territorio galego. Ten considerable vitalidade en boa parte do leonés, onde xa se documenta en textos antigos, e aparece mesmo no portugués vulgar. A presenza desta semiconsoante non se dá unicamente nos sustantivos, senón que pode aparecer igualmente nos adxectivos, verbos e adverbios, e a pesar dos diversos intentos de explicación que

se formularon ata o momento actual, a súa orixe aínda non está claramente determinada en tódolos casos<sup>16</sup>.

### 3.6. [ɛ̃nsíʃbaʃ]

Documentada en Os Muños, Santa Comba, Salgueiros, A Picota, A Serra de Outes, Louro, Aguiño, A Fraga. Segundo se pode observar, trátase dunha variante restrinxida ás zonas máis occidentais das provincias da Coruña e de Pontevedra.

Esta forma presenta unha realización “fricativa, apicoalveolar, xorda” do fonema /ʃ/, e aparece dentro da área onde o fonema /s/ se realiza como “fricativo, predorsodental, xordo”, feito de notable importancia se temos en conta que na maior parte desta área non se perdeu aínda totalmente a oposición fonolóxica entre os fonemas /ʃ/ e /s/ gracias ó rasgo distintivo pouco común no galego “apicoalveolar”/“predorsodental”, que permite a oposición destes dous fonemas, aínda que ben é certo non dunha maneira moi estable.

Poderíase pensar que a realización predorsal do fonema /s/ é un fenómeno recente producido precisamente como consecuencia da despalatalización do fonema /ʃ/: ó pasa-lo fonema /ʃ/ a realizarse como [ʃ], o fonema /s/ que se realizaría primitivamente como [s̟] apicoalveolar tería que pasar a [s] predorsal para mante-la oposición co anterior.

Tódolos fonemas teñen un campo de dispersión, admiten unha gama máis ou menos variada de realizacións fonéticas distintas, sen que chegue a confundirse con outro fonema. Para evita-la confusión de dous fonemas de realización fonética próxima existe unha marxe de seguridade, a partir da cal a distinción fonolóxica non se percibe claramente. Na realización de cada fonema hai, polo menos dentro dun determinado contexto, unha pronunciación óptima, que Martinet<sup>17</sup> chama o centro de gravidade do seu campo de dispersión. No momento en que as realizacións fonéticas dun fonema se achegan perigosamente ó centro de gravidade doutro fone-

<sup>16</sup> Este problema aparece tratado cón maior ou menor intensidade na maior parte das monografías adicadas ó estudio de falas astur-leonesas, sobre todo nas que se ocupan da súa parte occidental. Pero o estudio máis completo con que contamos sobre as posibles orixes deste fenómeno é o de Y. Malkiel: “The five sources of epenthetic /j/ in western Hispano-Romance. A study in Multiple Causation”, *Hispanic Review*, XXXVII: 2 (1969), pp. 239-275, estudio que aparece reeditado en Y. Malkiel: *From Particular to General Linguistics. Selected Essays 1965-1978*, Amsterdam/Philadelphia, 1983, pp. 269-295.

<sup>17</sup> A. Martinet (1970), p. 48.

ma, é posible que este segundo, ameazado de perde-la súa distintividade, reaccione en contra do invasor, trasladando o seu punto de articulación en dirección contraria á do fonema que traspasou a marxe de seguridade existente entre o campo de dispersión de ámbolos dous.

Este podería se-lo caso do fonema /ʃ/, realizado foneticamente [ʃ], e de /s/ foneticamente [s]. Partimos dunha etapa en que o centro de gravidade do fonema /ʃ/ sería unha realización fonética “prepalatal, fricativa, xorda”, cun campo de dispersión que permitiría adiantar ou atrasar un pouco o seu punto de articulación, pero sempre dentro dunhas marxes de seguridade que permitirían sen problemas mante-la súa personalidade fonemática fronte ó fonema /s/. Nesta etapa o centro de gravidade do fonema /s/ sería unha realización “apicoalveolar, fricativa, xorda”. No momento en que /ʃ/, a impulso duns determinados factores perdeu a súa palatalización e adiantou o seu punto de articulación, chegando a unha realización fonética [ʃ], que coincidiría coa do fonema /s/, obrigou a este último a mudar tamén o seu punto de articulación —realización [s] predorsodental— para mante-la súa entidade e conserva-la oposición fonolóxica con respecto ó fonema que usurpou o seu antigo punto de articulación. De ser isto así, o factor fundamental que obrigou a pasar ó fonema /s/ dunha pronuncia apicoalveolar a unha pronuncia predorsal é un factor lingüístico interno. Trátase dunha reacción do tipo da coñecida “cadea de propulsión”, que poderíamos representar da seguinte maneira:

B ---> A --->

onde se observa que o campo de dispersión de B progresa en dirección de A, traspasando a marxe de seguridade que separaba o campo dos dous fonemas, e facéndose dono da zona que posuía A. Diante desta usurpación A vese obrigado tamén a progresar para poder seguir mantendo a súa personalidade diferenciadora, pois de non facelo produciríase unha neutralización de A e B.

Esta explicación presupón que o tipo de *s* existente nesta zona antes de se produci-lo cambio mencionado, sería apicoalveolar; ou, máis correctamente, xa que estamos nunha zona de seseo, sería apicoalveolar o /s/ resultado da neutralización dos fonemas /s/ e /ʃ/, despois de que se producira xa a desonorización dos pares sonoros correspondentes a estes.

Pero hai datos sociolóxicos e lingüísticos que nos permiten supoñer que esta hipótese é falsa. Por unha parte, atópase o feito de que a realización predorsal do fonema /s/ goza dun profundo enraizamento e parece que é xa dunha notoria antigüidade. Teñamos en conta que a pronuncia predorsal é tradicionalmente un dos rasgos que, na conciencia lingüís-

tica dos seus falantes, distingue a fala destas zonas da doutras veciñas. Por outra parte, o proceso de despalatalización do fonema /ʃ/ parece un fenómeno moderno, que aínda hoxe se está levando a cabo en moitos puntos, nos que se observa que as xeracións de idade máis avanzada conservan a pronuncia deste fonema como palatal ou semipalatal, en tanto que nas xeracións máis novas o proceso de despalatalización xa se atopa totalmente consumado. Isto fainos pensar que a pronuncia predorsal do fonema /s/ é un fenómeno de certa antigüidade nestas zonas, e con seguridade anterior ó fenómeno da despalatalización de /ʃ/. Parece lóxico pensar, xa que logo, que nesta área a neutralización dos primitivos fonemas /s/ e /ʃ/ se fixo a favor deste último, e que sería a pronunciación deste último, despois de perde-la africación, a que se impuxo.

Se, como parece que nos demostran os datos, a pronunciación predorsal do /s/ é anterior nesta área á despalatalización do fonema /ʃ/, a explicación exposta anteriormente para este último fenómeno non é válida, polo que haberá que buscar outra explicación lingüística que nos permita dar conta da realidade dos feitos na súa totalidade, e que podería se-la que expoñemos a continuación.

Hai unha tendencia na lingua a manter aproximadamente a mesma distancia entre tódolos fonemas, isto é, tendencia a que tódolos fonemas teñan aproximadamente un campo de dispersión da mesma amplitude. A distancia entre a realización predorsal do fonema /s/ e a palatal do fonema /ʃ/ era ampla de máis. Nesta situación o fonema /ʃ/ aproveitou o espacio libre do [s̺] apicoalveolar para avanzar nesa dirección, ó mesmo tempo que con este movemento contribúe a tornar maior a escasa marxe de seguridade que había entre /ç/ e este fonema, pois diferenciábanse só polo modo de articulación: o /ç/ é africado, mentres que o /ʃ/ é fricativo, pero ámbolos dous teñen aproximadamente o mesmo punto de articulación. O rasgo distintivo que os separa é relativamente feble, e corre o risco de desaparecer en calquera momento (lembramos, por exemplo, o proceso de desafricación que sufriron as sibilantes africadas polo séc. XVI ou xa antes<sup>18</sup>, ou a mesma desafricación do fonema /ç/ no francés moderno ou no portugués moderno). Con este movemento de /ʃ/ auméntase a distancia de seguridade entre este fonema e /ç/, pois agora, amais de se distinguiren polo modo, diferéncianse tamén polo punto de articulación.

<sup>18</sup> Para o proceso de desafricación de /ʃ/ e /ž/, véx. Galmés de Fuentes (1962), pp. 63 e ss., e Amado Alonso (1967), pp. 301 e ss.

## 3.7. [ɛ̃nsíʃbja]

Rexistrada en Traba e Xaviña, na provincia da Coruña. É unha variante da realización anterior, con iode epentético na sílaba final (véx. supra, 3.5.).

## 3.8. [ɛ̃nsíʃbaʃ]

Rexistrada en Nebra do Son (Coruña).

Hai algún punto onde o proceso de despalatalización estudado arriba está a medio camiño, dando lugar a unha pronunciación do fonema /ʃ/ co sonido semipalatal [ʃ̟]. Esta realización aparece de maneira ocasional noutras palabras en moitos dos puntos onde se está producindo a despalatalización do /ʃ/, case sempre ó lado da realización [ʃ̟] ou [ʃ̟]. Casos desas realizacións ocasionais noutras palabras documéntanse en varios puntos do occidente das provincias da Coruña e Pontevedra, pero normalmente non é esta a pronunciación única. A variante semipalatal cómpre estudiala en relación coa socioloxía lingüística e tendo en conta as distintas xeracións que conviven nunha mesma fase da historia da lingua. Na maior parte destes puntos dentro da xeración que anda por riba dos sesenta anos, atopamos persoas que pronuncian [ʃ̟] e outras que pronuncian aínda [ʃ̟]; pola contra, as xeracións máis novas realizan o fonema /ʃ/, dunha maneira case xeral, como [ʃ̟], chegando mesmo nalgún caso ata a realización predorsal [s].

## 3.9. [ɛ̃nsíʃbjaʃ]

Rexistrada en Bamiro-Vimianzo (Coruña).

Variante da realización anterior con iode epentético na sílaba final (véx. supra 3.5.).

## 3.10. [ɛ̃nsíʃbaʃ]

Rexistrada en Santa María de Roo-Noia (Coruña).

A pronunciación [s] do fonema /ʃ/ dáse só nas persoas máis novas dalgún punto onde a realización máis xeral é [ʃ̟], e é a manifestación da confusión e neutralización de tres fonemas do galego común, que conflúen nunha realización fonética fricativa, predorsal, xorda.

Despois da neutralización histórica nunha parte do occidente de Galicia dos dous fonemas que darían lugar no galego común á oposición /s/ vs /θ/, atopámonos agora diante dun proceso incipiente dentro desta mesma área dunha nova confluencia de dous fonemas: /s/ e /ʃ/. Como con-

secuencia deste proceso, os falantes novos dalgúns puntos do Oeste das provincias da Coruña e Pontevedra neutralizan os tres fonemas sibilantes do galego común /ʃ/, /s̃/ e /θ/ nun único fonema /s/, que ten unha realización fonética predorsal.

Diante desta situación cómpre preguntarse sobre do rendemento funcional destas tres oposicións fonolóxicas. Sería necesaria a elaboración dun estudio exhaustivo no que se vise, en primeiro lugar, o número de pares léxicos que se opoñen polos rasgos distintivos que separan ós fonemas /ʃ/, /s/ e /θ/; e, en segundo lugar, que clase de palabras son estas e que frecuencia teñen na fala popular cotiá. Porque pode acontecer que un fonema moi frecuente no léxico sexa menos frecuente na fala, e o contrario se, por exemplo, o primeiro se atopa unicamente en palabras restrinxidas á fala culta e o segundo aparece en palabras usuais na lingua familiar de tódolos días<sup>19</sup>. Habería que conxugar, xa que logo, dous niveis, un de lingua e outro de fala: no primeiro sería necesaria a confección dunha estadística lexical dos pares que se opoñen polos rasgos distintivos destes fonemas; de seguido habería que ver a frecuencia e ocorrencia destes pares dentro da fala, e deducir de aí o rendemento fonolóxico destas oposicións que, nalgúns casos, xa están neutralizadas.

#### 4.

Documéntase no galego de hoxe unha serie de formas que, amais de presentaren a perda da consoante inicial, mostran un desenvolvemento especial do grupo -ng-, cun resultado -nθ- ou -ns- (nas zonas de seseo), e a perda do -b- intervocálico. Trátase de formas coincidentes basicamente coas castelás. O resultado -nθ- podería ser autóctono en determinada área do galego, que abarcaría o galego exterior de Asturias e León, así como a franxa máis oriental da provincia de Lugo, e mesmo algún punto da zona nordoriental da de Ourense, onde este resultado se observa noutras palabras cos grupos latinos -ng- (cfr., por exemplo, os resultados *xoncer*, *xoncir* e *xuncir* do lat. *i u n g e r e*<sup>20</sup>) ou -lg- (cfr., por ex., os resultados *moncer*, *mocer*, do lat. *m u l g e r e*). Pero o feito de que as formas con -nθ- sexan coñecidas hoxe fóra desta área restrinxida e se atopen practicamente en puntos de tódalas zonas do territorio galego, ó lado da forma galega *enxiva*,

<sup>19</sup> Sobre do rendemento funcional dos fonemas pódese ver A. Martinet (1970), pp. 54 e ss.

<sup>20</sup> Véx. González González (1980), t. I, pp. 307 e ss.

móstranos con claridade que se trata da voz castelá, adaptada á fonética propia de cada lugar, que se vai introducindo por gran parte do territorio debido á presión exercida por esta lingua sobre o galego. A esta mesma interpretación leva o feito da perda do -b- intervocálico que presenta a forma castelá e que non se dá nos resultados desta palabra no galego. Dentro deste grupo debemos incluí-las formas seguintes (véx. mapa nº 5):

#### 4.1. [ɛ̃ŋθiás]

Forma plenamente coincidente coa castelá, que aparece rexistrada en moitos puntos ó lado da voz galega. Atópámola, na provincia da Coruña, en: O Barqueiro, San Claudio, Meirás, Espiñaredo, San Cristobo, Cervás, Pontedeume, Carnoedo, O Xestal. Na provincia de Lugo, en: Vieiro, Cervo, Rinlo, Ferreira de Valadouro, Trabada, Goiriz, Melle, Vilarmide, Feira do Monte, Meira, Proba de San Xulián, Ouselle, Triacastela, Savane do Courel, Ferrería do Incio, Bóveda, A Proba de Brollón, A Barrela, Rairós, Pacios. Na provincia de Ourense, en: A Veiga da Cascallá, O Cógomo, Larouco, S. Cristobo, Vilariñofrío, Chandrexa, Baños de Molgas, Viana do Bolo, San Roque, Martiñán, Vilardebós, Oímbra. Na provincia de Pontevedra, en: A Golada, Moalde, Sela, Oia. En Asturias: Salave, Coaña, Porzún, Boal. En León: Calafresnas, Carracedo, Pombriego. En Zamora: Lubián, Hermisende.

#### 4.2. [ɛ̃ŋsíás]

Rexistrada en Lerez (Pontevedra). Trátase da forma castelá pronunciada con seseo apical.

#### 4.3. [ɛ̃nsiás]

Rexistrada en Nebra do Son (Coruña). É a forma castelá pronunciada con seseo predorsal.


#### 4.4. [ɛ̃ŋθiás]

Rexistrada en Deixebre (Coruña) e Baltar (Ourense). Forma castelá, adoptada con [ɛ̃] aberto, fenómeno frecuente na introducción de castelanismos con esa vocal.

#### 4.5. [ãŋθiás]

Rexistrada na provincia da Coruña, en: Carnoedo e Betanzos. Na pro-

Mapa nº 5.— Formas castelás adaptadas ó galego<sup>1</sup>.



<sup>1</sup> Cómpre advertir que en moitos casos a forma castelá aparece ó lado da galega nunha mesma localidade.

vincia de Pontevedra, en: Moraña e A Lama. Na de Lugo: en Taboada. Na de Ourense, en: Sabuguido de Conso e Baltar.

Modificación da forma castelá, con troque da vocal inicial *e* en *a*, probablemente por asimilación á vocal do artigo feminino.

#### 4.6. [alθía]

Rexistrada en Trabada (Lugo). Trátase dunha realización ocasional, documentada nun único punto, que amais do *a* inicial presenta o cambio de *n* en *l*.

#### 4.7. [ãñsíaš]

Rexistrada en Belesar-Baiona (Pontevedra). Forma castelá pronunciada con *s* predorsointerdental, de carácter ceceante. Presenta, amais, modificación da vocal inicial, probablemente por influxo do *a* do artigo.

### 5

Chégase nalgunhas a producir formas mistas, resultado dun cruzamento da denominación autóctona coa forma castelá. Tales son os casos de (véx. mapa nº 6):

#### 5.1. [ẽñšíaš]

Forma rexistrada, na provincia da Coruña, en Cacheiras-Teo. Na provincia de Pontevedra, en Dimo, Fefiñáns, Cela e Entienza. E, na provincia de Lugo, en Santa Comba. Os puntos onde aparece esta forma non constitúen unha área continua.


Máis ca nun resultado especial de evolución interna dentro do galego, parece lóxico pensar nun cruzamento entre a forma castelá *encía* e a galega *enxiva* (por outro lado rexistrada en varios puntos onde aparece tamén *enxía*), como consecuencia do cal a forma castelá vería substituído o grupo /nθ/ polo grupo /nš/ propio da galega.

#### 5.2. [ẽñsíaš]

Rexistrada en Cela (Pontevedra).

Variante da forma anterior con despalatalización do /š/. Cómpre salientar que, aínda que o resultado coincide co de [ẽñsíaš] de Lérez (Pontevedra) (cfr. supra 4.2.), responden en realidade a dúas formas subxacen-

Mapa nº 6.— Cruzamento de formas galegas con castelás.



tes distintas: mentres que en Lérez se trata da realización con seseo da palabra *encía*, en Cela é o resultado da despalatalización do /ʒ/ da voz *enxía*. De aí que clasifiquemos un mesmo resultado en dous epígrafes distintos.

### 5.3. [ɛ̃nθíbaʃ]

Rexistrada na provincia de Lugo, nas localidades de Viladonga e Friol.

Poderíase pensar nunha primeira aproximación nun resto do resultado *nθ* do grupo latino *-ng-*; resultado que como vimos (cfr. supra, 4) non é descoñecido no leste de Lugo; con todo, estes dous puntos quedan fóra da zona onde tal resultado aparece noutras palabras (por exemplo, o descendente en ámbalas localidades do lat. *m u l g e r e* é *muxir*, e non *\*moncer* ou *\*muncir*, polo que o resultado *-nθ-* non parece normal nestes puntos. Claro que hai que contar con que as palabras migran, e é posible que a forma coa solución *-nθ-* (da que por outro lado non atopamos ningunha documentación na zona onde sería esperable) se estendera algo máis ó Oeste e quedaran estas dúas testemuñas como únicos restos dese resultado na palabra que estudiamos. Pero parecen demasiadas suposicións sen datos explícitos para seren aceptadas, e é moito máis simple pensar nun cruzamento de *enxiva* co cast. *encía*, como consecuencia do que o grupo *nθ* da forma castelá se introduciu na galega.

### CONCLUSIÓN

A análise dos resultados do lat. *g i n g i v a* no galego móstranos algo que é perfectamente coñecido pola xeografía lingüística: que os feitos da fala non se presentan cunha orde metódica, senón que, pola contra, esta é un fenómeno dinámico onde as circunstancias históricas e o espírito creador dos falantes esnaquiza os cadros ríxidos e monolíticos. De aí a importancia que os mapas lingüísticos teñen non só para describi-la situación actual dunha palabra ou dun determinado fenómeno lingüístico, senón tamén para estudia-la súa difusión e a súa historia. En palabras de Sever Pop:

“Seules les cartes linguistiques peuvent montrer la complexité des faits du langage libre de toute convention, ainsi que la dernière phase du développement plusieurs fois séculaire des parlers locaux. Rédigées d’après un plan muri et d’après une méthode exempte de toute idée préconçue,

elles seules peuvent illustrer, pour n'importe quelle langue, le sort des mots et leur histoire, leurs "lutttes" contre les vocables ayant un corps phonique presque identique, les influences qu'ils ont subies sous l'action des centres culturels, économiques et sociaux, la manière dont les vocables s'adaptent aux changements que leur impose le progrès de la civilisation contemporaine, ainsi que la façon dont les parlers locaux conservent encore des anciens termes, témoins du passé"<sup>21</sup>.

Pero, a pesar da aparencia informe dos datos da situación actual no galego da palabra *enxiva*, non é imposible estruturalos metodicamente en virtude da progresividade da súa configuración histórica, que nos permite xebrar distintos estratos:

A. O estrato máis antigo estaría representado polas formas *xenxivas* e *xinxivas*, que conservan o /ʃ/ inicial como continuador do *G-* do latín *g i n g i v a*. É un resultado paralelo ó do portugués *gingiva* (aínda que nesta lingua se conserva ata a actualidade a fonema fricativo prepalatal sonoro) e ó que se atopa en zonas extremeñas: [hɛnhíβa] en Castillo e Montehermoso<sup>22</sup>, [la<sup>h</sup> hɛnhíβa] en La Muela (Plasencia), [hɛnhíβɛ] en Montehermoso (Plasencia), [la<sup>h</sup> hɛnhíβa] en Pinosfranco (Hervás)<sup>23</sup>, resultados que presupoñen unha fase anterior [ʃɛnʃíβa], anterior á velarización do fonema fricativo prepalatal xordo<sup>24</sup>. No galego serían as deste tipo as formas esperables como continuación da medieval *gengivas*, se non actuaran outros factores evolutivos que fixeron que estas formas non sexan hoxe máis ca testemuños arcaizantes conservados nunha serie de puntos illados como restos dunha etapa anterior na que estarían moito máis estendidas.

B. Nun segundo nivel están as variantes do tipo *senxiva*, que presentan a despalatalización da consoante inicial, ben por disimilación coa palatal do grupo /nʃ/, ben por outros factores.

<sup>21</sup> Sever Pop (1950), vol. 1, p. X.

<sup>22</sup> Véx. F. Krüger (1914), p. 185.

<sup>23</sup> Véx. A.M. Espinosa (1935), p. 76.

<sup>24</sup> Para a explicación destas formas con *h-* inicial poderíase pensar na aglutinación de *h* procedente de *-s* final aspirado do artigo (o mesmo fenómeno de aglutinación que aparece nas formas *zinzias* do xudeoespañol, e *zinzias*, *sinzias* de dialectos sardos), pero o feito de que aparezan formas con *h-* en zonas nas que non se produce a aspiración do *-s* parece indicar, ás claras, que o *h-* é resultado dunha evolución especial leonesa do *G-* inicial, diferenciada da do español e paralela á do galego. Véx. A.M. Espinosa (1935), p. 77.

C. A partir das formas anteriores constituiríanse as do tipo *enxivas*, con deglutinación do *s-* tras da forma do plural do artigo. Este mesmo fenómeno aparece documentado dunha maneira paralela, fóra do galego, en zonas de Zamora, Salamanca e Extremadura<sup>25</sup>. Dentro deste tipo podemos distinguir tres grupos:

a) As realizacións que conservan aínda a fricativa prepalatal sonora no grupo /nʒ/: [ɛ̃nʒíʃas], propias dalgún punto arcaizante do extremo meridional do galego, onde aínda perduran as sibilantes sonoras.

b) As realizacións con resultado fricativo prepalatal xordo no grupo /nʃ/, que ocupan a maior parte do territorio galego.


c) As realizacións que presentan despalatalización, en maior ou menor grao, do fonema /ʃ/ no grupo /nʃ/: [ɛ̃nsíʃas], [ɛ̃nsíʃas], [ɛ̃nsíʃas], etc.

D. A denominación castelá *encías*, adaptada á fonética da zona galega á que foi incorporada.

E. Por último, as formas de máis recente creación, *encivas* e *enxías*, que son produto da interferencia da denominación castelá *encías* coa galega *enxivas*.

Como se pode observar, os resultados no galego actual do sustantivo latino *g i n g i v a* presentan unha configuración complexa, resultado, por un lado, da conservación de restos de distintas etapas evolutivas na historia da lingua ou de evolucións diverxentes no plano diatópico, e, por outro, da presión lingüística do castelán, que deu lugar ou ben á introdución da palabra castelá ou ben á creación de variantes novas, produto dun cruzamento da palabra castelá coa galega. Este proceso podémolo sintetizar, de maneira esquemática, no seguinte cadro:

<sup>25</sup> Krüger (1914), p. 185, rexistra [enxíʃa] en Fornillos de Fermoselle (Zamora), [inxíʃa] en Torregamones (Zamora), [las inxíʃas] en Villardiegua de la Ribera (Zamora), [lanxíʃa] en Villadepera (Zamora), [ɛ̃nhíʃa] en Cambroncinos (Cáceres), [lanhíʃa] en Pinofranqueado (Cáceres). Véx. tamén A.M. Espinosa (1935), p. 76.



Desde outro punto de vista, a historia dos descendentes do lat. *g i n g i v a* no territorio galego levounos a tocar, inda que fose dunha maneira tanxencial, unha serie de problemas relevantes para a historia e dialectoloxía da lingua galega, dos que podemos mencionar, entre outros: os resultados no galego do G' inicial latino; os resultados de G' precedido de nasal; a conservación ou non do -b- intervocálico; a aparición por veces dun iode epentético antietimolóxico na última sílaba da palabra; as interferencias lingüísticas entre o galego e o castelán, consecuencia do contacto de ámbalas linguas e da presión que o castelán exerce sobre o galego.

<sup>12</sup> Káiser (1914), p. 185, rexista [axíbe] en Fozzilas de Fervosle (Zamora), [axíbe] en Torquemones (Zamora), [je máxibe] en Villaburga de la Ribera (Zamora), [axíbe] en Villaburga (Zamora), [axíbe] en Camporredondo (Zamora), [axíbe] en Binozapardo (Zamora). Ver tamén A.M. Espinosa (1935), p. 76.

## RELACIÓN DE LOCALIDADES CITADAS O LONGO DO TRABALLO\*

Abelenda, Avión, Ourense (O 5)  
 Abelleira, Muros, Coruña  
 Aguiño, Ribeira, Coruña (C 49)  
 Allariz, Ourense (O 16)  
 Ancares, León  
 Aranga, Coruña (C 20)  
 Baloira, A Estrada, Pontevedra (P 3)  
 Baltar, Ourense (O 27)  
 Bamiro, Vimianzo, Coruña (C 22)  
 Baños de Molgas, Ourense (O 14)  
 Baralla, Lugo (L 25)  
 Barizo, Malpica, Coruña (C 12)  
 Barqueiro O, Coruña (C 1)  
 Barrela A, Carballedo, Lugo (L 36)  
 Bembibre, Val do Dubra, Coruña (C 30)  
 Betanzos, Coruña (C 15)  
 Boal, Asturias (A 4)  
 Bóveda, Lugo (L 34)  
 Brués, Boborás, Ourense (O 2)  
 Bubaces, Riocaldo, Lobios, Ourense (O 31)  
 Buxán, Dumbría, Coruña  
 Caaveiro, A Capela, Coruña  
 Cabalar, A Capela, Coruña  
 Cabo de Cruz, O Boiro, Coruña (C 48)  
 Cacheiras, Teo, Coruña (C 42)  
 Cádavo O, Baleira, Lugo (L 21)  
 Calafresnas, Corullón, León (LE 3)  
 Callobre, A Estrada, Pontevedra (P 4)  
 Calvos, Ramirás, Ourense (O 15)  
 Calvos de Randín, Ourense (O 28)  
 Campobecerros, Castrelo do Val, Ourense (O 22)  
 Candamil, Xermade, Lugo (L 10)  
 Candín, León (LE 1)  
 Caniza A, Pontevedra (P 23)  
 Carnoedo, Sada, Coruña (C 10)  
 Carracedo, Carracedelo, León (LE 4)

\* As localidades que corresponden ós puntos de enquisa do *Atlas Lingüístico Galego* levan a referencia con que aparecen nos mapas do Atlas entre parénteses, por ex., C 9, L 20, O 4, etc.

- Carral, Coruña (C 19)  
 Castro, Dozón, Pontevedra (P 11)  
 Castro Caldelas, Ourense  
 Cea, Ourense (O 1)  
 Cela, Bueu, Pontevedra (P 18)  
 Cervás, Ares, Coruña (C 8)  
 Cervo, Lugo (L 2)  
 Cesuras, Coruña  
 Coaña, Asturias (A 2)  
 Compostela (Comarca de), Coruña  
 Córrego O, Vilamartín de Valdeorras, Ourense (O 4)  
 Crespos, Padrenda, Ourense (O 19)  
 Cualedro, Ourense (O 25)  
 Chan A, Carballedo, Cotobade, Pontevedra (P 14)  
 Chandrexa de Queixa, Ourense (O 13)  
 Chímparra, Cedeira, Coruña (C 2)  
 Deixebre, Oroso, Coruña (C 31)  
 Dimo, Catoira, Pontevedra (P 6)  
 Entienza, Salceda de Caselas, Pontevedra (P 29)  
 Entrimo, Ourense (O 26)  
 Espiñaredo, A Capela, Coruña (C 6)  
 Estonllo, O Grove, Pontevedra (P 13)  
 Feás, Aranga, Coruña  
 Fefiñáns, Cambados, Pontevedra (P 12)  
 Ferreira do Valadouro, Lugo (L 5)  
 Ferrería, O Incio, Lugo (L 23)  
 Forcarei, Pontevedra (P 10)  
 Fraga A, Moaña, Pontevedra (P 21)  
 Friol, Lugo (L 20)  
 Goián, Tomiño, Pontevedra  
 Goiriz, Villalba, Lugo (L 11)  
 Golada A, Pontevedra (P 2)  
 Gonce, Friol, Lugo  
 Graña A, Covelo, Pontevedra (P 20)  
 Gudiña A, Ourense (O 21)  
 Guillade, Pontearreas, Pontevedra (P 25)  
 Guitirz, Lugo (L 17)  
 Guntín, Lugo (L 24)  
 Hermisende, Zamora (Z 3)  
 Incio O, Lugo  
 Lama A, Pontevedra (P 17)  
 Lama, Noceda, Cervantes, Lugo (L 29)  
 Lamalonga, A Veiga do Bolo, Ourense (O 12)

- Lamea, Ordes, Toques, Coruña (C 32)  
Larouco, Ourense (O 8)  
Lérez, Pontevedra (P 15)  
Lindín, Mondoñedo, Lugo (L 9)  
Louro, Muros, Coruña (C 43)  
Lougares, Mondariz, Pontevedra (P 22)  
Lourido, Soutomaior, Pontevedra (P 19)  
Lubián, Zamora (Z 2)  
Martiñán, Bande, Ourense (O 23)  
Meira, Lugo (L 15)  
Meirás, Valdoviño, Coruña (C 4)  
Melide, Coruña  
Mesoiro, A Coruña, Coruña (C 11)  
Mezonzo, Vilasantar, Coruña (C 26)  
Mezquita A, Ourense (O 24)  
Moalde, Silleda, Pontevedra (P 5)  
Moledo, San Pedro de Sárdoma, Vigo, Pontevedra (P 24)  
Montederramo, Ourense  
Muños Os, Muxía, Coruña (C 24)  
Muras, Lugo (L 7)  
Nantes, Sanxenxo, Pontevedra (P 16)  
Nebra, O Son, Coruña (C 45)  
Negueira de Muñiz, Lugo (L 19)  
Novefontes, Touro, Coruña (C 40)  
Oia, Pontevedra (P 31)  
Oímbra, Ourense (O 30)  
Oirós, Pontevedra  
Oleiros, Salvaterra de Miño, Pontevedra (P 30)  
Orol, Lugo (L 3)  
Ortoño, Ames, Coruña (C 39)  
Ouselle, Becerreá, Lugo (L 27)  
Outeiro, Folgoso do Courel, Lugo (L 37)  
Pacios, Sober, Lugo (L 39)  
Paradaseca, Vilafranca do Bierzo, León (LE 2)  
Pedrafita, Lugo  
Pereiro de Aguiar, Ourense (O 7)  
Pesoz, Asturias (A 6)  
Pezobrés, Santiso, Coruña (C 36)  
Picota A, Mazaricos, Coruña (C 33)  
Ponteceso, Coruña (C 16)  
Pontedeume, Coruña (C 9)  
Pombriego, Benuza, León (LE 5)  
Porto, Zamora (Z 1)

- Porzún, Piantón, A Veiga, Asturias (A 3)  
 Proba de Brollón A, Lugo (L 35)  
 Proba de San Xulián, Lán cara, Lugo (L 26)  
 Rao, Navia de Suarna, Lugo (L 23)  
 Rairós, Ribas de Sil, Lugo (L 38)  
 Razo, Coruña  
 Rianxo, Coruña (C 47)  
 Rinlo, Ribadeo, Lugo (L 4)  
 Robledo de Domiz, Carballeda, Ourense (O 9)  
 Rodeiro, Pontevedra (P 8)  
 Rodís, Cerceda, Coruña (C 23)  
 Sabarís, Belesar, Baiona, Pontevedra (P 28)  
 Sabuguido, Vilariño de Conso, Ourense (O 18)  
 Salave, Tapia de Casariego, Asturias (A 1)  
 Salcidos, A Guardia, Pontevedra (P 33)  
 Salgueiros, Dumbría, Coruña (C 29)  
 Salvaterra do Miño, Pontevedra  
 San Amaro, Ourense (O 6)  
 San Andrés de Loboso, Pastoriza, Lugo (L 12)  
 San Antolín de Ibias, Asturias (A 7)  
 San Cibrao, Palas de Rei, Lugo (L 28)  
 San Claudio, Ortigueira, Coruña (C 3)  
 San Cosme de Barreiros, Lugo (L 6)  
 San Cristobo, Ferrol, Coruña (C 7)  
 San Cristobo, Ribadavia, Ourense (O 10)  
 San Mamede, Carnota, Coruña (C 37)  
 San Ramón de Moeche, Coruña (C 5)  
 San Salvador de Duio, Fisterra, Coruña (C 34)  
 Santa Cruz de Ribadulla, Coruña (C 44)  
 Santa Comba, Coruña (C 27)  
 Santa Comba, Lugo (L 22)  
 Santaia, Tordoia, Coruña  
 Santa Lucía, Saiáns, Moraña, Pontevedra (P 9)  
 Santa María de Roo, Noia, Coruña (C 41)  
 Santiago de Compostela, Coruña (C 35)  
 Santiso, Lalín, Pontevedra (P 7)  
 Savane, Folgoso do Courel, Lugo (L 32)  
 Seixas, Cospeito, Lugo (L 14)  
 Sela, Arbo, Pontevedra (P 27)  
 Serra de Outes A, Coruña (C 38)  
 Sísamo, Carballo, Coruña (C 18)  
 Sobrado dos Monxes, Coruña (C 28)  
 Taboada, Lugo (L 31)

Toba, Muxía, Coruña  
 Tomiño, Pontevedra (P 32)  
 Torneiros, O Porriño, Pontevedra (P 26)  
 Traba, Laxe, Coruña (C 17)  
 Trabada, Lugo (L 8)  
 Triacastela, Lugo (L 30)  
 Trobo O, Fonsagrada, Lugo (L 16)  
 Val de Verín, Ourense  
 Val do Suarna, Lugo  
 Veiga (A) da Cascallá, Rubiana, Ourense (O 3)  
 Viana do Bolo, Ourense (O 17)  
 Vigo, Dodro, Coruña (C 46)  
 Vila de Cruces, As Cruces, Pontevedra (P 1)  
 Viladonga, Castro de Rei, Lugo (L 18)  
 Vilanova de Óscos, Asturias (A 5)  
 Vilardebós, Ourense (O 29)  
 Vilaríñofrío, Montederramo, Ourense (O 11)  
 Vilarmide, A Pontenova, Lugo (L 13)  
 Viveiro, Lugo (L 1)  
 Xanceda, Mesía, Coruña (C 25)  
 Xaviña, Camariñas, Coruña (C 21)  
 Xermaña, Caión, Coruña (C 13)  
 Xestal O, Monfero, Coruña (C 14)  
 Xinzo da Limia, Ourense (O 20)

#### BIBLIOGRAFIA CITADA

##### A) Dicionarios

- Carré Alvarellós, Leandro: *Diccionario galego-castelán e Vocabulario castelán-galego*, 4<sup>a</sup> ed., ed. Moret, A Coruña, 1972.
- Crespo Pozo, Fr. José Santiago: *Nueva contribución a un vocabulario castellano-galego, con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario (Galaicoportugués) (A-F)*, Ourense, 1972.
- Cuveiro Piñol, Juan: *Diccionario gallego*, Barcelona, 1876.
- Franco Grande, Xosé Luis: *Diccionario galego-castelán e Vocabulario castelán-galego*, ed. Galaxia, Vigo, 2<sup>a</sup> ed., 1972.
- Rodríguez, Francisco Javier: *Diccionario gallego-castellano*, A Coruña, 1863.
- Rodríguez González, Eladio: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo, 1958-1961 (3 vols.).
- Valladares Núñez, Marcial: *Diccionario gallego-castellano*, Santiago de Compostela, 1884.

**B) Fontes do Corpus**

- Acosta García, M<sup>a</sup> Teresa de: *El habla de Piedrafita*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1970, inédita.
- Anc.*: véx. Fernández González, José Ramón.
- Caav.*: véx. Vilarinho Seco, Josefina.
- Cab.*: véx. Dobarro Paz, José M<sup>a</sup>.
- C. Cald.*: véx. Díaz Carnero, Mercedes.
- Camafeita Pazos, Josefina: *Notas Léxicos y Etnográficas del Ayuntamiento de Salvatierra de Miño*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1979, inédita.
- Cortiña Vázquez, Serafín: *Anotaciones sobre el léxico de Gonze (Friol)*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1974, inédita.
- Couceiro Pérez, José Luis: *El habla de Feás*, tese de doutoramento, Univ. de Santiago de Compostela, 1973. A primeira parte deste traballo está publicado co título *El habla de Feás*, Anexo 5 de *Verba*, Univ. de Santiago, 1976. A parte adicada ó vocabulario está inédita.
- Díaz Carnero, Mercedes: *El léxico de Castro Caldeas*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1971, inédita.
- Dobarro Paz, José María: *Vocabulario de Capela (Cabalar)*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1974, inédita.
- Feás*: véx. Couceiro Pérez, José Luis.
- Fernández González, José Ramón: *Etnografía del Valle de Ancares (Estudio lingüístico según el método "Palabras y Cosas"*, Anexo 10 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela, 1978.
- Fraga García, Ramón: *Vocabulario de Mellid y cercanías*, tese de licenciatura, Univers. de Santiago de Compostela, 1968, inédita.
- García González, Constantino: *Léxico de la Comarca compostelana*, anexo 1 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela, 1974.
- Gil Suárez, M<sup>a</sup> Carme: *El habla de Vilardebós*, tese de licenciatura, Univers. de Santiago de Compostela, 1969, inédita.
- Goián*: véx. Pérez Alonso, M<sup>a</sup> Jesús.
- Gonze*: véx. Cortiña Vázquez, Serafín.
- González González, Manuel: *A fala do Incio*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1974, inédita.
- Gud.*: véx. Vázquez Santamaría, M.E.
- Inc.*: véx. González González, Manuel.
- L. Comp.*: véx. García González, Constantino.
- López Facal, Susana: *Fala e cousas de Toba*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1968, inédita.
- López Fernández, Xesús: *Vocabulario de Novfontes. Contribución a un estudio lingüístico*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1969, inédita.

- López Taboada, M<sup>a</sup> do Carme: *El habla de la comarca de Sobrado de los Monjes*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1978, inédita.
- Mel.*: véx. Fraga García, Ramón.
- Mezq.*: véx. Taboada Cid, Manuel.
- Mont.*: véx. Sánchez Sánchez, Aurora.
- Nov.*: véx. López Fernández, Xesús.
- Oir.*: véx. Pérez Froiz, M<sup>a</sup> Inés.
- Pedr.*: véx. Acosta García, M<sup>a</sup> T. de
- Pérez Alonso, M<sup>a</sup> Jesús: *Vocabulario de Goyán*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1969, inédita.
- Pérez Froiz, María Inés: *El léxico de Sta. María de Oirós*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1972, inédita.
- Razo*: véx. Vecino Tomás, Fernando.
- Salv.*: véx. Camafeita Pazos, Josefina.
- Sánchez Sánchez, Aurora: *El léxico de Montederramo*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1971, inédita.
- Sant.*: véx. Varela González, Francisca.
- Santamarina Fernández, Antonio: *El habla del Valle del Suarna*, vol. II: *Vocabulario*, tese de doutoramento, Univ. de Santiago de Compostela, 1973.
- Sobr.*: véx. López Taboada, M<sup>a</sup> Carme.
- Taboada Cid, Manuel: *Vocabulario y notas etnográficas de La Mezquita*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1971, inédita.
- : *El habla del Valle de Verín*, tese de doutoramento, Univ. de Santiago de Compostela, 1976.
- Toba*: véx. López Facal, Susana.
- Varela González, Francisca: *Fala de Santaia*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1975, inédita.
- Vázquez Santamaría, M<sup>a</sup> Esther: *El habla de La Gudiña*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1970, inédita.
- Vecino Tomás, Fernando: *El Vocabulario de Razo*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1970, inédita.
- Vilard.*: véx. Gil Suárez, M.C.
- Vilaríño Seco, Josefina: *El léxico de San Braulio de Caaveiro*, tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1972, inédita.
- V. Suar.*: véx. Santamarina Fernández, Antonio.
- V. Ver.*: véx. Taboada Cid, Manuel.

### c) Outros traballos citados

- Alarcos Llorach, E.: "Resultados de G<sup>e</sup>,<sup>i</sup> en la Península", *Archivum*, IV (1954), pp. 330-342.
- Alonso, Amado: *De la pronunciación medieval a la moderna en español*, ed. Gredos, Madrid, vol. I (1<sup>a</sup> ed. 1955; 2<sup>a</sup> ed., 1967), vol. II (1969).

- Alonso, Dámaso: *Temas y problemas de la fragmentación fonética peninsular*, *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Suplemento ó t. 1, C.S.I.C., Madrid, 1962.
- Cornu, Jules: "Die portugiesische Sprache", *Grundriss der romanischen Philologie*, herausgegeben von Gustav Gröber, I, Strassburg, 1888, pp. 715-803 (2<sup>a</sup> ed. 1904-1906).
- Coseriu, E.: "La racionalidad del cambio. Innovación y adopción. Las leyes fonéticas", en *Sincronía, diacronía e historia*, ed. Gredos, 3<sup>a</sup> ed., Madrid, 1978, pp. 68-110.
- Espinosa, Aurelio M.: *Arcaísmos dialectales*, Madrid, 1935.
- Fernández Rei, Francisco: "Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno", *Grial*, n<sup>o</sup> 77, Vigo, 1982, pp. 275-296.
- Galmés de Fuentes, Alvaro: *Las sibilantes en la Romanía*, ed. Gredos, Madrid, 1962.
- García González, Constantino: *Recantos da lingua 1982*, ed. La Voz de Galicia, A Coruña, 1983.
- González González, Manuel: *O xugo e o carro. Contribución ó estudio das denominacións dos apeiros de labranza en Galicia*, tese de doutoramento, Univ. de Santiago de Compostela, 1980 (inérita).
- Grammont, M.: *La dissimilation consonantique dans les langues indo-européennes et dans les langues romanes*, Dijon, 1895.
- : *Traité de phonétique*, Paris, 1936.
- Krüger, F.: *Studien zur Lautgeschichte westspanischer Mundarten*, Hamburg, 1914.
- Lapesa, R.: *Asturiano y provenzal en el Fuero de Avilés*, Salamanca, 1948.
- Malkiel, Y.: "The Etymology of Portuguese *iguaría* (< i e q u a r i a)", *Language*, 20 (1944), pp. 108-130.
- : "The five sources of epenthetic /j/ in western Hispano-Romance. A Study in Multiple Causation", *Hispanic Review*, XXXVII: 2 (1969), pp. 239-275. Reeditado en Malkiel, Y.: *From Particular to General Linguistics. Selected Essays 1965-1978*, Amsterdam/Philadelphia, 1983, pp. 268-295.
- Martinet, A.: "The Unvoicing of Old Spanish Sibilants", *RPh*, V (1951-1952), pp. 133-156.
- : *Économie des changements phonétiques. Traité de phonologie diachronique*, ed. A. Franckke, 3<sup>a</sup> ed., Berne, 1970.
- Pop, Sever: *La Dialectologie. Aperçu historique et méthodes d'enquêtes linguistiques*, Publications Universitaires de Louvain, Louvain, 1950, vol. 1.
- Posner, Rebecca R.: *Consonantal dissimilation in the Romance Languages*, Oxford, 1961.
- Williams, Edwin B.: *Do latim ao português*, Rio de Janeiro, 3<sup>a</sup> ed., 1975 (1<sup>a</sup> ed. de 1961). Traduc. do inglés *From Latin to Portuguese* [,] *Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*, University of Pennsylvania. Philadelphia. University of Pennsylvania Press. Oxford: Humphrey. Milford: Oxford University Press, 1938. (Traducción de Antônio Houaiss).